

A. Santamarina Fernández (2008): “Covelo, covela, cubelo, cubela. Un problema gráfico e etimolóxico”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 609-629.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

COVELO, COVELA, CUBELO, CUBELA. UN PROBLEMA GRÁFICO E ETIMOLÓXICO

Antón Santamarina

INSTITUTO DE LINGUA GALEGA/UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

§ 1 Nos labores de revisión do Nomenclátor de Galicia 2003 (NG) tropezamos 84 veces co problema da representación gráfica das palabras que dan título a esta colaboración; o número chegaría a moitos centos (seguramente varios milleiros) de tomarmos tamén en consideración a microtoponimia. Conforme se expón nas páxinas preliminares do NG o criterio da Comisión que elaborou os ditames foi sempre conservador. Iso quere dicir que se respectaron de maneira sistemática as formas locais de cada topónimo, aínda naqueles casos en que se trata de formas transparentes que teñen apelativo equivalente canonizado no vocabulario normativo; iso quere dicir que no NG *Ramirás* convive con *Ramiráns*, *Cataduiro* con *Catadoiro*, *Valín* con *Valiño* e así por diante. En calquera caso estas palabras non presentan problemas gráficos: se se pronuncia [maɾi'ɲao] escríbese *Mariñao* coas sete letras que se corresponden cos sete fonemas que se perciben. Cando a grafía é arbitraria, coma no caso de *b* e *v*, que representan un único son /b/, se o topónimo é transparente, coma no caso de *Cova*, a Comisión unificou pola forma do apelativo común, o cal quere dicir que numerosas *Coba(s)* que inzaban os nomenclátors antigos pasaron sistemáticamente a *Cova(s)* no NG. En cambio cando o topónimo é opaco, aínda que teña unha etimoloxía máis ou menos aceptada, a Comisión case sempre respectou a tradición gráfica mesmo sendo contraria á etimolóxica; iso quere dicir que as *Barcia* ou *Barxa* se mantiveron con *B*-, pois esa viña sendo a súa grafía sistemática, e *Visticovo* (parente de *Bustocovo*) con *V*-; nestes casos a “deturpación” non se debeu ó contacto de linguas e non pareceu razoable mudar unha tradición gráfica xa enraizada.

Os problemas para a Comisión déronse principalmente cando había que normalizar a grafía dun topónimo para o que había testemuños diferentes ou as fontes orais modernas contradicían testemuños históricos ou os testemuños históricos se contradicían entre si. Ou naqueles casos onde sen haber testemuños contraditorios a pronuncia dun fonema é ambigua: o primeiro <e> de *Areeira* e o primeiro <i> de *Amieiro* pronúncianse igual; o ser transparente a derivación no primeiro caso é o que leva a un falante (sen ser etimólogo) a grafar *Areeira*, mantendo aquel [i] no campo de dispersión do /e/ porque vincula [ari'ejra] ó campo léxico de *area*; e en cambio non ten dúbida en grafar *Amieiro* porque lexicamente é unha palabra acéfala e non hai unha estrutura morfolóxica que reteña o primitivo [e] (cf. *Amenedo*, *Ameal*) dentro do campo de dispersión do /e/. Na maioría dos casos isto é doado de facer; pero hai casos, coma os do *Covelo* que dá título a este traballo que están nun territorio máis ambiguo aínda pois, por unha parte, as palabras son case transparentes (como a *Areeira*) conforme se ve nas series *Covo* – *Covelo* – *Coveliño* de Boiro, ou *Cova* – *Covelo* de Cesuras e Santa Comba, etc. (ver unha lista completa abaixo); pero, por outra parte, eses derivados xa son medio acéfalos (como *Amieiro*), entre outras razóns porque o sufixo derivativo con que se forman non é produtivo e polo tanto a vinculación dos derivados coa base xa non se percibe; ademais unha das posibles cabezas da familia, *covo* adx. ‘baleiro’, ‘encovado’, ‘cóncavo’, está case desaparecido no galego moderno e xa era de circulación escasa no galego antigo. A ambigüidade aínda segue a complicarse se temos en conta que unha pronunciación [ku'βelo], [ku'βelo] e [ku'βela] atrae estas palabras para as familias léxicas de *Cubo* ou de *Cuba*, tamén presentes na toponimia. Aínda así o criterio da Comisión de Toponimia, excepto en dous casos (en Carnota), foi unificar todo en *Covelo(s)*, *Covela(s)*, *Coveliño*. Vexamos se hai razóns que o xustificuen.

***Covelo/a* antes da intervención da Comisión de Toponimia. Paralelos noutras linguas hispánicas**

§ 2 Para dar unha idea de cal foi a intervención da Comisión convén sinalar cal era a situación anterior ós traballos da Comisión e para iso tomamos como referencia os datos que figuran nos Nomenclátors do Censo de 1970 (N70, publicados en 1973). Pareceunos interesante completar os datos do N70 cos de Madoz (1847) e con algúns (se son novos) do NG. No mapa da Figura 1 plásmase a distribución das formas *Cov/bel-* *Cuv/bel-*.

Na maior parte dos casos son coincidentes os tres nomenclátors en rexistrar o topónimo (aínda que discrepen na forma); hai con todo que ter en conta que nun país de demografía




Figura 1. *Covelo, Cubelo, Covela, Cubela* etc. na toponimia de Galicia

moi dispersa, con entidades ás veces pouco discretas, aínda en censos exhaustivos como os do INE, pode haber entidades que unhas veces se censan separadas e outras soldadas ás veciñas; iso explica que haxa localidades que non se rexistraban no Madoz e si no N70, ou en ningún dos dous pero si no NG; e tamén pode darse o caso de que haxa entidades rexistradas no Madoz desaparecidas (no N70 e no NG), posiblemente integradas noutras, entre elas 7 *Cob/velo*, 2 *Cubela*, e 1 *Coveliño*; ou ben desaparecidas entre o N70 e o NG como é o caso dunha *Cobela*. Para compensar recuperáronse no NG con respecto ó Madoz e ó N70 6 *Covela* e 4 *Covelo* (que non se corresponden con ningún dos desaparecidos). Cartografíanse, daquela, 94 formas. Colócanse no mapa dentro da contorna do concello, sen aproximar ás coordenadas exactas que deberían ter.

§ 3 Á primeira vista o mapa deixa ver **a)** que os radicais con *-o-* e con *-u-* están bastante equilibrados: 44 radicais con *-o-* e 36 con *-u-*; hai ademais 4 casos (píntanse superpostos) onde o Madoz ten *-o-* e o N70 *-u-* (Cervo, Incio, Palas, Moraña) e unha vez o Madoz *-u-* e o N70 *-o-* (Portas). **b)** Tamén se manifesta de inmediato que hai unha zona onde predomina o *-o-* (claramente as provincias de Pontevedra e Ourense xunto con outra zona de densidade menor que quedaría ó N dunha liña que unise Cambre, Palas e Cervo); as dúas zonas do N e o S de Galicia parecen unidas por un corredor (Guitiriz - Palas - Chantada) tamén de *-o-*, que separa o Oriente de Lugo e o S da Coruña onde predominan as formas con *-u-*. **c)** E outra cousa que se ve de maneira inmediata é que na Coruña e Pontevedra predominan claramente as formas masculinas sobre as femininas (24/4 e 17/1 respectivamente), e que en Lugo e Ourense están máis equilibradas (12/14 e 13/9).

§ 4 Nos territorios veciños (onde non interveu a Comisión de Toponimia) continúan os correlatos dos nosos *Covel-* (ou *Cubel-*), en territorio español con predominio abrumador de *-u-* e en territorio portugués ó revés. En Asturias (Nomenclátor de 1980, N80) hai *Coviella* (Cangas de Onís), *Cubiella* (Siero) e *Cubiello* (Mieres); en León (N80) *Cubillas* de los Oteros, *Cubillas* de Rueda e *Cubillas* de Arbas (Villamanín); *Cubillos* del Sil e *Cubillinos* del Sil; En Zamora hai o concello de *Cubillos* e un *Cubelo* (en Galende). En Portugal, segundo os Censos de 2001 (INE de Portugal) hai 30 *Covelo* (nos distritos de Viana do Castelo 7, Braga 3, Vila Real 2, Porto 5, Aveiro 2, Viseu 9, Coímbra 1, Castelo Branco 1), 5 *Covelos* (Viana do Castelo, Braga, Porto 2, Coímbra), 1 *Covelinho* (Viseu), 2 *Covela* (Viana do Castelo, Porto), 9 *Covelas* (Braga, Bragança, Porto 3, Aveiro, Viseu 3), 4 *Covelinhas* (Vila Real, Viseu) e 1 *Covelães* (que parece un xentilicio referido a algún dos *Covelo* ou *Covela* anteriores, en Vila Real). En total en territorio portugués na toponimia maior 52 *Covel-* todos ó N de Leiría e Castelo Branco, fronte a un único *Cubelas* en Viseu. No resto do territorio español de lingua castelá hai outros 23 *Cubill-* segundo os censos do INE de 2005: *Cubillo* (en Albacete, Ávila, Burgos 4, Cuenca, Guadalajara, Palencia 2, Santander [*Cubillo* del Ebro, en 1352 *Cobiello* del Valle, González 1999:144], Segovia), *Cubillos* (Burgos 2), *Cubillejos* (Burgos, Guadalajara 2), *Cubilla* (Burgos, Soria), *Cubillas* (Granada, Guadalajara, Madrid, Palencia, Santander, Valladolid). Posiblemente haberá que engadir ós *Cubill-* anteriores en territorio castelán as formas arabizadas *Alcubilla* (que tamén é voz común ‘arca de agua’ DRAE) que se rexistra en Zamora, Soria 3, e Salamanca (nesta última prov. convive no mesmo concello con *Alcoba* que ben pode ser a voz romance -mozárabe- *cova* con artigo, e non a árabe *qúbbā* ‘bóveda’ que explica a ‘alcoba’); *Alcubiella* (Asturias) e *Alcubillas* (Almería 2, Ciudad Real). En terras de lingua Catalana, segundo o Nomenclátor do INE citado, rexístrase un *Cubelles* en Lleida e

nas Balears e un *Cubelles* en Barcelona, pero hai outros *Cubell-* que non son entidades de poboación segundo o *Nomenclàtor de Catalunya*

§ 5 Dos datos anteriores salta á vista, en primeiro lugar, unha conclusión aritmética clara: coas súas 94 ocorrencias de *Covel-/Cubel-* Galicia ten máis da metade das peninsulares; fóra da zona administrativa galega (pero algún aínda dentro de dominio lingüístico galego e con forma galega como o *Cubelo* de Galende en Zamora) hai 33 formas *Coviell- Cubill-*; en Portugal 53 (concentradas nas 5 provincias do N: Minho, Trás os Montes e Alto Douro, Douro Litoral, Beira Litoral e Beira Alta); e en dominio catalán 3. Sumadas as 94 galegas e as 53 portuguesas son 147 das 183 da Península. Non sabemos se é casual pero a maior densidade na Península cadra ben coa Gallaecia romana como aliás outra boa presada de topónimos (prelatinos, latinos ou xermánicos).

¿Hai un *Covelo* ou dous?

§ 6 A semellanza de formas lévanos a unha primeira hipótese, de sentido común, que pide reducir a unha raíz única os 183 casos; e de ser unha podería ser *cova* ou *covo* (interesa de momento o *-o-* da raíz) e daquela os *Cubelo*, *Cubela* terían sido anteriormente *Covela*, *Covelo* e os *Cubilla*, *Cubillo* do cast. puideron ser *Coviella*, **Coviello*. No mapa da Figura 1 vimos que en territorio galego hai unha zona de *Covel-* (46), moi compacta nas provincias do S, prolongada nas formas portuguesas case exclusivas (56). Se da cantidade podemos extraer algún indicio, os 102 *Covel-* do territorio galego-portugués representarían o estrato antigo orixinario fonte ós 37 *Cubel-* e quizais unha parte dos *Cubill-*.

§ 7 Esta hipótese sustentárase en que *o/u* en posición átona poden mudar unha noutra de maneira non sistemática (*u* para *o*, cf. **TÜBELLU* > cast. *tobillo*, ou *o* para *u*, cf. *LÖCELLU* cast. *lucillo*) con predominio dos trocos de *-o-* en *-u-* e non viceversa. Casos paralelos ós de *Covelo/Cubelo* serían dentro do léxico común *sobela/subela* a última maioritaria (en pt. só *sovela*) do lat *SÜBELLA*; *nobelo/nubelo* (pt. *novelo*), a forma con *-u-* oriental, 8 veces no ALGA; *botelo/butelo*. Do DdD estraio as seguintes alternancias onde *-o-* representa a forma orixinaria, entre outras: *amucelo/amocelo* ‘anzol’, *bostela/bustela* ‘pústula’, *copelo/cupelo* ‘medida para gra’, *gobelo/gubelo* ‘corcova’, *mogueta/mugueta* ‘vaca sen un corno’, *toromelo/torobelo/turumelo* ‘tirizó’, *odelo/cudelo*, *corela/curela/currela* ‘cresta do suco’, *xorelo/xurelo*, *xoromelo/xurumelo* ‘xermolo’, *moxega/muxega*, *moega/muega*, *noelo/nuelo* e así algúns máis. Non está claro cal é o mecanismo que provoca estes cambios; probablemente a vocal aberta tónica *-é-* provoca que por

diferenciación o -o- protónico se feche un grao; como ocorre tamén ás veces coa vogal da serie anterior (*montecelo/monticelo*). Para o castelán poderíase pensar que é o ditongo -ie- o que pode pechar o -o- protónico (cf *hubieron, pudiente*) como ocorre co **lociello* > *lucillo* citado; pero as formas galegas con -u- parece que piden unha explicación conxunta coas do castelán co cal parece descartarse o influxo do -ié-. Outros casos paralelos ós do léxico común (do tipo *nobelo/nubelo*) hainos tamén na toponimia galega: *Fofe* pero *Fufelo*, *Torelo/Aturela*, *Bora* pero *Borela/Burela*, *Miodelo/Miudelos* etc. En cast. parece darse o mesmo fenómeno en *Turrila(s)*, *Rudilla* e se cadra en *Gudillos* o mesmo que, con vogal da serie anterior, *Pinilla* (ant. *Penniella* Pidal: *Orígenes* §27). O paso non sistemático de -o- a -u- non se esgota nos casos en que está entremedias o sufixo -elo pois hai tamén outros coma os seguintes, e cito só topónimos pero abundan tamén no vocabulario común: dos derivados de *fonte* hai un *Fongate* na Fonsagrada, pronunciado *Fungate*, e ademais *Fumaior*, *Funcasta* e probablemente *Fumiño*; a familia de *pomar* pode deixar na toponimia abundantes formas en con -u- (*Pumar(es)*, *Pumido*, *Pumarega*...) á beira dunhas poucas en -o- (*Pomar*, *Pomariño*). A labial á dereita ou á esquerda pode favorecer este troco pero hai moitos outros casos nos que a labial carece de efectos (*Fondelo*, *Mondelo*, *Monelos*...). Hai que lembrar que tamén pode haber casos de alternancia o/u en derivados pero pode explicarse porque xa a hai nos primitivos: *Correlo(s)*, *Currelo(s)* poden explicarse segundo *corro*, *curro* (aínda que en Arbo hai un resultado contrario ó esperado: *Curro* pero *Correlo*). A vacilación o/u cando o radical era -o- permitiría esperar algunha variación á inversa (aínda que non fose senón motivada por ultracorreccións, como a do cast. *tobillo*), pero son rarísimas; no vocabulario común atopamos un *bobela* á beira da esperada *bubela* e se cadra hai algún máis; na toponimia podemos lembrar un *Bozqueimado* (Chandrea, Ourense), da raíz *busto* que se corresponde cun *Busqueimado* en Santalla de Oscos. Con todo os resultados do tipo *Curro/Correlo* son excepcionais o cal parece deixar predicir que, se as voces que nos ocupan teñen unha orixe única, *Cubelo/a* é posterior a *Covelo/a*.

§ 8 De supoñermos que haxa máis dunha raíz os derivados *Covela*, *Covelo*, *Cubela*, *Cubelo* habería que retrotraelos ás voces toponímicas (antes, e aínda hoxe, apelativas) *Cova*, *Covo*, *Cuba*, *Cubo*. Como se sabe é un procedemento toponímico moi frecuente designar un lugar pola forma diminutiva dun lugar próximo: *Ortoñoño*, *Bergondiño*, *Escarabotiño*, *Larañoño*, *Dodriño*, *Montoutiño*, *Rianxiño*... que están á beira dun *Ortoño* etc; moitos deses diminutivos están hoxe lexicalizados porque o sufixo xa non é produtivo: *Castrelo*, *Irixoa*, *Ferreirola*. Daquela esperaríamos que houbese unha certa proporción entre *Covela* e *Cova*, *Cubela* e *Cuba* etc. e mesmo que nas inmediacións das actuais (N70) *Cubela* houbese unha *Cuba* e así o resto das parellas. Pero o que hai para o territorio galego é o seguinte: *Cova* 46 veces, *Covas* 54 e ademais

os seguintes derivados *Covacho*, *Coval*, *Covás*, *Covallo*, *Covallos*, *Covariza*, *Covés* (?), *Coviña* 3, *Covaiño* (?), *Covada*, *Covadela*, *Covadiña*; en total 115 casos. *Covo* subst. aparece 15 veces, *Covos* 10, nos dous casos case exclusivamente na Coruña e Lugo. *Covo* adx. aparece no NG 64 veces: *Abercovo*, *Agrocovo*, *Barxacova*, *Bouzacova*, *Calcova* 2, *Canicova* 2, *Carralcova* 2, *Carrancova*, *Carricova* 3, *Caticovas*, *Fontecova* 6 *Fonticova*, *Liñarcovo*, *Matocovo*, *Paciocova*, *Pedracova*, *Pena Cova*, *Penacova* 3, *Peracova*, *Porto Covo* 2, *Portocovo* 3, *Rebordecovo*, *Ricovo*, *Río Covo* 2, *Riocovo* 4, *Soutocovo*, *Valcova*, *Valcovo* 2, *Valincovo*, *Valiñocovo*, *Vilacova* 11, *Vilarcovo* 2 *Visticovo*. [*Paciocova* pode ser unha aposición, con elisión da preposición, como *Soutopenedo* ou un xa antigo *Sauctus cova* documentado por Floriano 1949: 142-144]. En total son 194 ocorrencias de *Cova*, *Covo* subst. e *Covo* adx. Fronte a esta abundancia, das outras posibles cabezas de familia léxica (*Cuba*, *Cubo*) só hai 10 ocorrencias segundo NG, todos eles ó N dun paralelo que pase por Aranga: *Cuba* (Mondoñedo), *Cubas* (Aranga, Vilalba parr. de Samarugo e Vilapedre), *Cubeta* (Valdoviño), *Cubes* (Vimianzo), *Cubo* (Coristanco, Oleiros parr. de Dorneda e Liáns, e en Laracha N70), *Cubos* (Cerdido). Lembremos que había no N70 36 casos de *Cubel-* que parecen ser demasiada prole para só 10 (9 se retiramos *Cubeta*) *Cubo/Cuba*. A mesma escaseza de *Cubo*, *Cuba* haina en en Portugal onde se rexistran só 9 casos de *Cubo(s)* (todos nas prov. do N) e 3 *Cuba(s)* (Beja, Leiria, Portalegre) fronte ós 81 casos de *Cova*, 6 de *Covo* (subst.) e 64 de *Covo/a* (adx.) a maioría no N. Con todo nada probatorio se desprende destas cifras; aínda así reafirmamos a nosa sospeita de que os poucos *Cubo/Cuba* non poden xustificar os abundantes *Cubel-* do N70.

§ 9 Máis probatoria é en cambio a seguinte coincidencia: na maioría dos casos onde hai un *Cubel-* no N70 hai no mesmo concello algunha *Cova* ou algún *Covo* (e ningún *Cubo*). É verdade que podería haber casos de *Cubel-* acéfalos pero o máis verosímil é que entre *Cova*, *Covo* e *Cubelo* haxa algunha relación léxica. Isto parece suceder en Abegondo (uso as grafías do N70 ou as do NG cando o topónimo non se rexistraba no N70): *Vilacoba* - *Cubelo*; Arzúa: *Cobas* - *Cubelo*; Boiro: *Covo* - *Cubelo* - *Cubeliño*; Cesuras: *Cova* - *Cubelo*; Mesía: *Liñarcobo* - *Cubelo*; Rois: *Peracoba* - *Cobas* - *Cubela*; Santa Comba: *Coba* - *Cubelo*; Vedra: *San Juan da Cova* - *Canicoba* - *Cubelas*; Begonte: *Riocovo* (NG), *Covos* (NG) - *Cubelas*; Bóveda: *Penacova* (NG) - *Cubelo*; Castro de Rei: *Portocovo* - *Cova* - *Cubelo*; Cervo: *Carrancova* - *Riocovo* - *Cubelo* [*Cobelo* en Madoz]; Cospeito: *Matocovo* - *Cobelo* - *Cubela*; Incio: *Covo* - *Cubela* - *Cubelas* [Madoz *Cobelas*]; Muras: *Villarcobo* - *Cubelas*; Palas: *Vilacova* - *Cubelo* [Madoz *Cubelo*] - *Covela* (NG); Pastoriza: *Covas* - *Cubelo*; Ribadeo: *Covo* - *Cubelas*; Moraña: *Vilacoba* - *Cubelo* (Madoz) [= N70 *Covelo*]. Quedan sen mencionar outros 18 casos onde *Cova* ou *Coba* se emparella con *Covel-* ou *Cobel-*; e hai que mencionar o caso de Cerdido

onde un *Cubos* se emparella con *Covelo*. Habería que facer unha comprobación máis pormenorizada de se as parellas *Cov-/Cubel-* cadran próximas e aínda se algún dos 14 *Cubel-* que quedan sen emparellar ten algún *Cova/Covo* en parroquias veciñas pero doutro concello. Aínda así as coincidencias, salvo excepcións, que non descartamos, parece que levan a emparellar desenganadamente *Cubel-* con *Cova/o*.

§ 10 Se agora facemos unha viaxe a través da documentación antiga os resultados inciden no mesmo. Usamos como fontes o CODOLGA e o TMILG (este estará pronto dispoñible na páxina do ILG; agradézolle a Xavier Varela que me proporcionase os datos dos seus textos). Do CODOLGA extraénsen numerosas *Cova*, *Covas* topónimo ademais de nome común (non poucas veces escritas con *-b-*); moitas destas *Covas* existen aínda hoxe na toponimia maior entre Oia e Ribadeo. Hai algún *Covo* subst.; e bastantes *-covo* adx. (*Vilar-*, *Ri(v)o-*, *Reverde-*, *Fonte- Vila-*) continuados tamén hoxe. Rexístranse como nomes comúns numerosos *cupo*, *cupa* ou as súas variantes romanceadas *cubo*, *cuba*, ás veces mesturadas a forma romanceada e a latina (*cubos et cupas*) para referirse a recipientes para viño, sidra ou gra. Como nome propio so rexistramos *Cuba*, unha vez como topónimo (*Portum de Cubas* nun doc. de 1227 de Xunqueira de Espadanedo, *MSSME*) e outra vez como apelido ou alcuña (*Petro Payz, dicto Cuba* varias veces en docs. de Lourenzá entre 1225 e 1258 (*TL*); o uso de *Cuba* como alcuña non necesita xustificación; como topónimo non é menos insólito que outros elementos do enxoval doméstico: *sela*, *mesa*, *arca*, *artesa* ou *dorna*. Entre os diminutivos ou derivados dos anteriores hai no corpus do GODOLGA 44 ocorrencias de *Covel-*, algunhas delas difíciles ou imposibles de localizar, outras con correspondencia segura ou case segura no nomenclátor actual, entre estas os casos da seguinte táboa (? = identificación non segura):

NG	N70/Madoz	Concello/parroquia	CODOLGA	Ano/Fonte
Covelo	Covelo	?Ortigueira/Couzadoiro	Covelo	1226 / <i>TMSM</i>
Covelo	Cobelo/Cobelo	?Cambre/Pravio	Couello	1194 / <i>TMSM</i>
Covelo	Covelo	?Irixo/Froufe	Covelo	1282 / <i>DCO</i>
Covelo	Covelo/Cobelo	Carballiño/Partovia	Covelo	1155 / <i>CDMCsMO</i>
Covelo	Covelo/Cobelo	Taboadela/Taboadela	Covelo	1164 <i>TC</i>
Covelo	Covelo/Cobelo	Paderne de All./Couceiro	Covelo	1207 <i>MSMA</i>
Covelas	Covelas	Nogueira de R. / Armariz	Cobellas Covelas Covelas	1091 <i>TC</i> 1153, 1165 <i>MSPR</i> 1228 <i>CDMCsMO</i>
Covelas	Covelas	Nogueira de R / Carballeira	Cobellas Covelas Covelas	1091 <i>TC</i> 1131, 1165 <i>MSPR</i> 1228 <i>CDMCsMO</i>
Coveliña	Coveliña	Ramirás/Vilameá	Covelina	1272 <i>SPR</i>

Covelo	Cubelo /Cobelo	¿Palas/Covelo	Covello	945 <i>TMSM</i>
Covelo	Cubelo	Arzúa/Brandeso ou Boqueixón/Vigo	Covello	572 <i>ES_R</i>
Covela	Cubela	Incio/Covela	Covella	1091 <i>TJSJS</i>
Covelas	Cubelas /Cobelas	Incio/Foilebar	Couellas	1125 <i>TJSJS</i>
Covelas	Cubelas	Ribadeo/Covelas	Couelas Covellas Cobellas Couelas Couelas	1076-1113, 1101-1200 <i>TL</i> 1128 <i>ES_F, DMRG</i> 1202 <i>ES_F</i> 1202 <i>Alf_IX</i> sd <i>TL</i>
Covelas	Cubelas	Crastoverde/Covelas	Covelles	982-990 <i>TDJS</i>

No TMILG continúanse as atestacións do CODOLGA. Son abundantes as documentacións de *cova* con moitas variantes gráficas sempre con valor toponímico agás uns poucos casos onde ten o valor de ‘sepultura’; hai un único *Covos* subst. con valor toponímico; *-covo* adx. media ducia de veces (*Carreyracoba* etc); *cuba* ten algunha ocorrencia como ‘recipiente para viño, trigo etc’, pero non como topónimo; *cubo* tamén aparece só como apelativo, agora con acepcións novas (unha vez como elemento arquitectónico, tal vez ‘base cúbica’, e neste caso sería de *cūbus* non de *cūpus*; outra vez no sintagma “dar un lugar a montes e a fontes a cubos e casas” que parece ser unha construción hidráulica). Tocante a *Covel-* / *Cubel-* hai tamén abondosa documentación, nalgúns casos de dificultosa localización xeográfica no nomenclátor actual porque se trata de topónimos menores ou antropónimos. En número de ocorrencias, como era de esperar, *Covel-* (con múltiples variantes gráficas) sobrepasa con moito a *Cubel-* *Cuuel-* con só 4 casos rexistrados. Os testemuños de Ourense e Pontevedra cando teñen continuidade no nomenclátor actual son todos de *Covel-*: *Covelo* do concello de Covelo (1329 *ROT*, 1331 *VFD*), de Paderne ou Pereiro de Aguiar (1265 *MSSC*), de Padrenda (1450 *PRMF*, 1473 *LTP*), de Taboadela (1297 *MSSC*); *Covela* do Carballiño (1268 *CDMO*), *Covelas* posiblemente de Nogueira de Ramuín (1360 *MPR*, 1417 *MERS*) etc. Máis interese teñen os testemuños referidos ós tres únicos *Cubel-* (N70) que encontramos de atribución segura nas prov. da Coruña e Lugo, moi poucas veces con *-u-* antes do século XV.

NG	N70/Madoz	Concello/Parroquia	TMILG	Ano/Fonte
Cubelo	Cubelo	Carnota/San Mamede	Cuuelo Covelo Couelo	1282 <i>FDUSC</i> 1436 <i>FDUSC</i> 1447, 1452 <i>FUSC</i>
Covelo	Cubelo	Palas/Covelo	Cobelo ou Covelo Cubelo	1271-1503 (x12) <i>PSVD</i> 1407 <i>PSVD</i>
Covelas	Cubelas	Ribadeo/Covelas (S. Vicente)	Couelas Couellas	1286 <i>CDMACM</i> 1287 <i>CDMACM</i>

Os testemuños do TMILG redundan, daquela, en confirmar que varios (senón todos os) *Cubel-* dos nomenclátore anteriores ó NG eran historicamente, e ás veces aínda non hai tanto, *Covel-*.

As táboas falan bastante claro. Con todo non podemos extraer a consecuencia apresurada de que todos os *Cubel-* proceden de *Covel-*; a documentación do CODOLGA rexistra polo menos un *Cupellos* (962 *TSJS*) que era unha “villa” en Naraia (no Bierzo; se cadra o actual Cubillos del Sil) que parece da familia de *Cubo/Cuba*, se non é unha ultracorrección como parece selo tamén unha *Alcupella* (1074 *CDMS*) cerca do Valderaduey.

No dominio castelán algúns dos *Cubillos* actuais eran antigos *Coviell-/Covell-*; antes mencionamos en Santander un *Coviello* del Valle hoxe *Cubillo* del Ebro; na documentación de León hai un *Covellas* 992 (*CDACL*), *Cubellas* 1066 (*CDACL*), hoxe *Cubillas* de los Oteros, e tamén en León un *Couellas* 1012 (*CDACL*) hoxe *Cubillas* de Rueda. Téñase en conta por riba, que en toda a documentación de Sahagún e León referida case toda a León e Zamora (hoxe terra de *Cubill-*) non hai un só *Cubill-* e en cambio hai numerosos (arredor de cen) testemuños de *Cobela(s)*, *Covela(s)*, *Coviela(s)*, *Curviela(s)*, *Cuvela*.

Aínda así non é seguro que todos os *Cubill-* casteláns e leoneses modernos, como os *Cubel-* galegos, proveñan de *cova* porque só a raíz *cubo/cuba* (cūpa) é a que pode xustificar o cat. *Cubells* (s. XI *Cubels*, Coromines, *Onomasticon*), e *Cubelles* (s. X *Cubellas*, ibid.), que teñen un aire de familia (polo menos aparente) cos galegos *Cubelo* e castelán *Cubillo*; se o topónimo existe en catalán non ten por que non existir en terras máis occidentais.

§ 11 A pesar desta reticencia aínda hai un argumento máis para supor que todos ou, polo menos, a inmensa maioría dos *Cubel-* galegos foron antes *Covel-*. E este argumento procede da onomástica persoal; pero antes de enumerar e comentar os diferentes grupos de apelidos conven indicar algúns dos seus trazos. **a)** En primeiro lugar cómpre sinalar que os apelidos cristalizaron arredor do século XIII (na mesma época á que pertencen a maioría dos documentos do CODOLGA e do TMILG). **b)** A tendencia dos apelidos é conservárense, ou conservárense con poucos cambios formais

(a non ser nos casos en que foron castelanizados); representan polo tanto unha fase arcaica ou conservadora. c) A mobilidade xeográfica dos apelidos ata época recente foi moi pequena; os apelidos conserváronse por séculos nas áreas onde se orixinaron, con dispersión moi escasa. Pois ben, *Covel-*, sendo un topónimo frecuente, non é estraño que deixase unha representación notable na onomástica persoal, aínda que moi lonxe, por exemplo, dos *Castro* (60.678) porque tamén a frecuencia de *Castros* na toponimia é moi superior. O noso apelido aparece nos censos con 11 grafías diferentes: *Covelo* 1.726, *Covelos* 1, *Cobelo* 680, *Covela* 202, *Covelas* 12, *Cobela* 50, *Cobelas* 199; en total 2.870 ocorrencias de *Covel-* que vén sendo algo máis do 0,1% do total dos apelidos galegos; a outra raíz dá as seguintes formas e cifras: *Cubelo* 89, *Cubelos* 12, *Cubela* 69, *Cubelas* 29; en total 199 ocorrencias equivalentes a pouco máis do 0,007%.

Dos datos anteriores xa se ve que a cantidade de *Covel-* é moi superior á de *Cubel-*; para cada *Cubel-* hai case 14,5 *Covel-*; lembremos que na toponimia no N70 había 44 *Covel-* fronte a 36 *Cubel*; do cal se desprende (admitindo que a antroponimia sexa máis conservadora) que moitos dos *Covel-* da toponimia pasaron a *Cubel-* pero seguen a conservar a súa forma arcaizante na antroponimia. Hai que ter en conta que canto máis abundante é un apelido máis tende a multiplicarse (e por iso os *Covel-* abundan máis), e canto menor é a súa frecuencia, maior é a súa tendencia a desaparecer (e por iso os *Cubel-* van a menos). Aínda así non se xustifica a grande diferenza que hai entre as dúas raíces na toponimia (1,27/1 no N70) e na antroponimia (14,5/1)

§ 12 Se consultamos agora a *Cartografía dos apelidos de Galicia* encontramos que hai (polo menos) varias estirpes de *Covelo*, unha (grafada maioritariamente *Cobelo*) ó NO dunha liña que una a ría de Betanzos coa ría de Viveiro; posiblemente hai outra estirpe que ten a orixe en Cambre e se estendeu por Bergantiños; unha terceira que tería orixe en Palas e hoxe se estende por Guntín; no S de Galicia é difícil saber cantas estirpes de *Covelo* hai (maioritariamente escrito con *v*) polo menos en toda a prov. de Pontevedra e no NO de Ourense, porque hai máis dunha ducia de *Covelo* na toponimia; o *Covelo* que hoxe é concello é sen dúbida o lugar orixinario dalgunha delas; no SE de Ourense hai outra estirpe nos concellos de Castrelo de Val, Verín, Vilardevós e Riós. Ver Figura 2.

Os 202 portadores do apelido *Covela* e os 55 de *Cobela* da Figura 3 declaran que hai unha estirpe, con epicentro no Irixo ou no Carballiño, onde hai ou houbo *Covela* na toponimia; e posiblemente outra no occidente de Pontevedra (Soutomaior e Pazos de Borbén). Os 12 portadores de *Covelas* e os 199 de *Cobelas* parecen repartirse en tres familias con epicentros en Cartelle (hai *Covelas* topónimo en Ramirás), Baltar (haino nos Blancos) e Cospeito (haino en Castroverde). Ver figura 4.




Figura 2. Á esquerda *Covelo* 1726 apelidos, á dereita *Cobelo* 680.




Figura 3. Á esquerda *Covela* 202 apelidos, á dereita *Cobela* 55.

Covelo, covela, cubelo, cubela. *Un problema gráfico e etimolóxico*




Figura 4. Á esquerda *Covelas* 12 apelidos, á dereita *Cobelas* 199.




Figura 5. Á esquerda *Cubelo* 89 apelidos, á dereita *Cubelos* 12.

Dos 96 apelidos *Cubelo* 68 están localizados na parte N da ría de Muros (Carnota, Muros, Outes, Corcubión) e teñen a súa orixe nalgún fundador procedente de *Cubelo* (*Covelo* aínda a mediados do XV segundo os docs. do TMILG, como queda visto), de San Mamede de Carnota. Os 4 *Cubelo* de Viveiro e os 3 de Cervo hai que unilos ós *Covelo* que vimos antes na mesma zona; lembremos que no nomenclátor, en Cervo, na Parroquia de Castelo, hai un *Cobelo* (Madoz) = *Cubelo* (N70). Os outros apelidos *Cubelo* poden estar emparentados cos anteriores, se non son “erupcións” puntuais. Os 12 *Cubelos* están moi distantes dos tres únicos *Covelos* que hai na toponimia para que poidamos establecer vinculacións seguras. Ver Figura 5.

Dos 69 *Cubela* parece que hai tres estirpes, unha arredor de Boiro (seguramente orixinaria da *Covela* de Rois), outra en Cotobade (que non tén no NG ningún topónimo *Covela/Cubela* cerca) e outra en Melón (seguramente orixinaria do Carballiño, onde hai *Covela* topónimo). Se se comparan os mapas de *Covela/Cobela* co de *Cubela* pode verse que ocupan concellos contiguos dentro da mesma área (NO de Ourense NE de Pontevedra), o que parece indicar que se trata de dúas realizacións fonéticas dunha mesma realidade orixinaria (probablemente *Covela*). Ver Figura 6. Os 29 *Cubelas* concéntranse principalmente nos concellos de Crecente e Taboadela; e igual ca no caso anterior, ocupan concellos contiguos ós que rexistran *Cobelas* ou *Covelas* o que demostra que son tamén resultados complementarios dunha mesma realidade orixinaria (o *Covelas* de Ramirás, de Nogueira de Ramuín ou Castrelo de Miño). Ver Figura 6.




Figura 6. Á esquerda *Cubela* 69 apelidos, á dereita *Cubelas* 29.

Da comparación dos mapas e da breve análise que fixemos dos apelidos despréndese que do stock de *Covel-/Cubel-* na antroponimia o 93,5% son *Covel-* e só o 6,5% *Cubel*; e ademais esta pequena porcentaxe de *Cubel-* nos apelidos habería que reducila aínda máis (seguramente a cero) se temos en conta que historicamente foron *Covel-* ou remiten a un topónimo *Covel-* da toponimia na súa área de dispersión. A maioría dos *Cubelo* na antroponimia cadran nos concellos arredor de Muros, xustamente onde a Comisión ditaminou tamén *Cubelo* na toponimia.

§ 13 Volvendo agora á pregunta da epígrafe: ¿hai unha ou dúas familias etimolóxicas? Polos indicios que expuxemos, tanto os que se desprenden da toponimia actual como da histórica ou da antroponimia, puidemos ver que hai unha familia moi numerosa de *Covel-*, que se agranda a medida que retrocedemos no tempo porque hai moitos trasvases de *Covel-* para *Cubel-* (nunca en sentido contrario). Con todo non podemos ter a certeza de que na orixe haxa só *Covelo(s)* e *Covela(s)*; a raíz *Cubo/a* existiu certamente como demostran claramente os 4 *Cubo(s)*, as 4 *Cuba(s)* e tamén os 2 *Cubeiro(s)*, o *Montecubeiro* e *Cubeta*, para mencionarmos só os seguros. Derivados de *Cubo/a* co sufixo *-elo* entraban perfectamente no sistema, cando *-elo* era produtivo, como se viu polos *Cubells* e *Cubelles* do dominio catalán. Do que podemos ter a certeza é que de haber nas orixes do idioma derivados de CŪPA/U + -ĒLLO, membros desta familia, debían ser moi escasos, tanto no dominio galego como no castelán.

Posibles étimos

§ 14 Se lles aplicamos as formas anteriores (prescindindo dos numerosos casos en que houbo trocos de familia) o procedemento das “derivaciones” dos gramáticos latinos, parece razoable supor que na orixe *Covela* designaría unha ‘cova pequena’, *Covelo* un ‘covo pequeno’, *Cubela* unha ‘cuba pequena’ e *Cubelo* un ‘cubo pequeno’; todos os primitivos son aínda palabras do vocabulario común e están en calquera dicionario de lingua e etimolóxico. Pero todas teñen algún problema ou pola forma ou pola motivación. *Cova*, pola súa forma, non é palabra latina; Corominas (sv *cueva*) seguindo a Meyer-Lübke derivaa de *COVA, forma feminina que provén dun adxectivo arcaico CO(V)US que en latín dá *cavus*. Non sería estraño que un arcaísmo vivise nunha área lateral da romanidade; pero tamén é probable, como apunta Millán, que ese *covus* do latín occidental fose unha “retracción o perduración” o i-e *kouos ‘oco’ que se usaría no celta peninsular. Restos da forma adxectiva deste **covus* quedan aínda nos numerosos topónimos do tipo *Riocovo* e *Penacova*. E desta maneira, por unha elipse semellante á de *cova*, explicaríaase tamén uso de *covo* como substantivo; igual que no caso do actual

oco adx. (*un penedo oco por dentro*) e subst. (*no oco dun penedo*): **un castiñeiro covo* ('baleiro'; na miña terra aínda se di *atopar o niu covo* 'levar un chasco'), **o covo dun castiñeiro*. Se unha terra é fonda ou ten covas ou ocos ou bóvedas é motivo suficiente para que se lle chame *Cova*, *Covo*, *Covela*, *Covelo* e unha manchea de derivados máis. Lembremos que a *cova* en galego non é só, entre outras cousas, a 'espenuca', o 'tobo' (cast. "madri-guera") senón tamén unha 'depresión' no terreo (cast. "hoya").

Mestúrasenos aquí outro *covo* que tamén rexistran os dicionarios galegos co sentido de 'colmea feita cun tronco furado'. Este *covo* podería sen dúbida explicar os *Covo* da toponimia; *trobo*, que neste sentido é sinónimo de *covo*, tal vez estea na orixe dos varios *Trobo* que hai no nomenclátor de Galicia; unha árbore furada (ou un trozo dela), que é casa das abellas, préstase ben para sinalar e nomear un sitio. Hai que ter en conta con todo, que a pesar da aparente coincidencia semántica e formal co *covo* anterior, este é inseparable do castelán *cuévano* e do portugués *côvão* (lat. CŌPHĬNUS 'cesto'); un tipo de colmeas primitivas tecíanse coma cestos. Se houbese algún *Covo* na toponimia moderna que procedese deste *covo* debería na documentación antiga (latina) conter a raíz **cóven-* ou algunha variante; o único candidato que atopamos no CODOLGA é un *Covenes* hoxe *Covés* (s.d. TCa) que foneticamente non cadra.

Pola súa parte a *cuba* designa un recipiente ben coñecido; nos documentos antigos (CODOLGA e TMILG) cítanse frecuentemente entre os *vasa*, *vasamenta*, *perfia* ou *tinalias*. Igual cá CŪPA dos romanos era un recipiente de doelas de madeira; servía para gardar viño, sidra ou gra. Debía de habelas de moitos tamaños, algunhas chegaban a 150 moios (*cupas CL modios*, 1282 DCO); os *cupos* ou *cubos* debían ser parecidos pero máis pequenos; gramaticalmente *cupo* é un derivado de *cupa*. Noutras acepcións non se documentan exemplos medievais. No galego moderno coñécese tamén na acepción de 'cano que leva a auga da presa ó muíño'; antes estes canos eran de madeira e consistían nun toro de varios metros serrado ó longo en dúas metades, escavado polo medio, e despois ensamblado de novo con zunchos de ferro; cando o río é pequeno, antes do *cubo* adoita facerse un 'depósito' que, por contigüidade, tamén se chama *cubo*. (Na acepción de 'figura xeométrica' *cubo* é o latinismo *cūbus*, moi recente). As dúas palabras patrimoniais, *cubo* e *cuba*, están na toponimia pero non sabemos moi ben a motivación. Corominas (*Onomasticon* sv *Cubelles*) di que *cupu* e *cupa* serían o «cup per a trepitjar raïm», 'tina' d'on es passaria fàcilment al petit edifici campestre on hi ha cups per a la verema». Esta xustificación non vale certamente para os 4 *Cubo(s)* e 4 *Cuba(s)* que hai en Galicia, pois ningún está en terra de viño. Así é que teremos que pensar en que a motivación se debe á obra hidráulica que rexistran os dicionarios modernos (e iso valería para *Cubo*), ou á feitura do terreo (para as *Cuba*). *Cubeiro* (*Cupeyro*, *Cupario* s.d. TL, *Cuparii* 1120, *Cuperius* 1130 ES_R) será un

derivado de *Cubo*; *Cubelo* e *Cubela* derivarán de *Cubo* e *Cuba* respectivamente, supoñendo que quede algún que non se explique por *Corvo*, *Cova*. De *cuba* deriva o galego *cubela*, voz común que en galego antigo debía referirse a un recipiente para gardar xoias “et andan y cubellas de prata et moytos esterliins “ (DdDGM), que ten o correlato no castelán *cubilla*: “Una *cubilla* de metal, con dos asas, la mitad dorada y la mitad de color del metal”(CORDE); aínda a recollen os dicionarios galegos: “Relicario de plata, figura redonda, ú ovada [...]” (Rodríguez DdD). Esta *cubela* (*cubilla*) con certeza procede de *cuba*, aínda que é difícil saber se a derivación é romance ou xa latina; Ducange rexistra (s.v. *cupa*) *cupella* e *cupellus*, diminutivos seguramente aínda sen lexicalizar, que son ‘vasis pоторii species’. *Cubela* ou *cupella* nestas acepcións (‘estoxo’, ‘copiña’), é pouco apta para dar topónimos. Non así estoutra voz común que recolle tamén algún dicionario: “*facere cubela* ‘Formar regazo una finca, ó heredad; de modo que las aguas, en vez de marchar hácia fuera, corren hácia dentro” (Valladares en DdD), que é inseparable da *Covela/Cubela* toponímica. Por moi tentador que pareza un *cupella* que rexistra Ducange en 1267 en terras de Marsella no sentido de ‘vas apum’ (colmea: *cupellas apum quadraginta*) queda moi lonxe e moi illado para explicar o noso *Cubela*; non así, ó mellor, as *Cubelles* catalanas.

Cabo

§ 15 Algún usuario do NG ten manifestado malestar pola intervención de Comisión de Toponimia a propósito dalgún *Cubelo* trocado en *Covelo*. Sen dúbida a Comisión ten cometido incoherencias e erros, ás veces debidos a informacións defectuosas, outras a troco de criterios ó longo dos vinte anos que durou a revisión do nomenclátor e outras á ignorancia dos membros (principalmente á miña); en máis de 40.000 topónimos non faltan tampouco as erratas. Pero no conxunto as intervencións foron prudentes e razoadas. Espero que o noso correspondente sobre *Cubelo* quede convencido diso despois da lectura do descargo que acabo de facer; se escarba algo na documentación antiga do seu *Cubelo* (se é que non llo fixen xa eu) é moi probable que chegue a un *Covelo*; pero tamén se xustificaría *Cubelo*, todo hai que dicilo, porque depende qué criterio queiramos que prevaleza.

Máis espero aínda que a lectura do descargo valla para darlle ó meu amigo Couceiro unha hora de lecer porque a toponimia, coma tantos outros saberes, non lle é allea (aínda que sexa para discutir bagatelas coma a presente).

Bibliografía e fontes

- ALF_IX = GONZÁLEZ GONZÁLEZ, J.V. (1944): *Alfonso IX*, Madrid,.
- ALGA = Instituto da Lingua Galega: *Atlas lingüístico de Galicia* (materiais aínda inéditos)
- Cartografía dos apelidos de Galicia* dispoñible en: <http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>
- CD(MCS)MO = ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (ed) (1989, 1989, 1993): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 3 vols. Santiago: Tórculo Edicións.
- CDACL = RUIZ ASENSIO, José Manuel: *Colección diplomática del Archivo de la Catedral de León III* (1987), IV (1990), León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro»
- CDMACM = CAL PARDO, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra dos documentos*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- CDMS = HERRERO DE LA FUENTE Marta: *Colección diplomática del Monasterio de Sahagún, III* (1988), León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro»
- CODOLGA <http://balteira.cirp.es/codolga/>
- CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en línea]. *Corpus diacrónico del español*. <http://www.rae.es>.
- COROMINES, Joan (1989-1997): *Onomasticon Cataloniae*. Barcelona: Curial/“la Caixa”, vol.: I: *Toponímia antiga de les Illes Balears*. Per Joan Coromines i J[osep] Mascaró Passarius, a partir do volume II: *Onomasticon Cataloniae. Els noms de lloc i noms de persona de totes les terres de llengua catalana* [nº vol.] Obra fundada per Josep M. de Casacuberta. Amb la col·laboració de Max Cahner, Joan Ferrer, Josep Giner, Joseph Gulsoy, Josep Mascaró, Philip D. Rasico i Xavier Terado.
- DCO = DURO PEÑA, Emilio (ed.) (1996): *Documentos da Catedral de Ourense*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- DDD = SANTAMARINA, Antón (coord.) (2003): *Diccionario de diccionarios*, A Coruña: F. Barrié.
- DDDGM = GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (dir) (2005), *Diccionario de diccionarios do lalego medieval*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela
- DMRG = RECUERO ASTRAY, M; GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M.; ROMERO PORTILLA, P. (1998): *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*, Xunta de Galicia, 1998.

- DUCANGE = CAROLO DU FRESNE DOMINO DUCANGE (1883): *Glossarium mediae et infimae latinitatis*, editio nova, Niort.
- ES_F = FLÓREZ, H.: *España Sagrada* 17 (1763); 18 (1764); 19 (1765); 22 (1767).
- ES_R = RISCO, M.: *España Sagrada* 40 (1796); 41 (1798).
- FDUSC = LUCAS ALVAREZ, Manuel; JUSTO MARTÍN, María José (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537). (Edición diplomática)*. Santiago: Consello da Cultura Galega
- FLORIANO = FLORIANO CUMBREÑO, Antonio (1949). *Diplomática Española del Periodo Astur*, Oviedo: Diputación Provincial de Oviedo, Instituto de Estudios Asturianos
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Alberto (1999): *Diccionario etimológico de la toponimia mayor de Cantabria*, Santander: Ediciones de Librería Estudio
- INE (España) 2005: <http://www.ine.es/nomen2/index.do>
- INE (Portugal): http://www.ine.pt/prodserv/nomenclaturas/refter/div_admin.htm
- LTP = ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel;/ RODRÍGUEZ SUÁREZ, M^a del Pilar (2003): *Libro tumbo de pergamino. Un códice medieval del monasterio de Oseira*. Santiago de Compostela: Tórculo
- MADOZ = MADOZ, Pascual (1845-50), *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Madrid.
- MERS = DURO PEÑA, Emilio (ed.) (1977): *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro (1962): “El topónimo gallego *Cobo*”, *El Museo de Pontevedra XVI*, pp. 4953
- MPR = DURO PEÑA, Emilio (ed.) (1972): *El Monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- MSMA = DURO PEÑA, E.: “El monasterio de Santa Marina de Asadur”, *Archivos Leoneses* 53 (1973), pp. 309-366.
- MSPR = DURO PEÑA, Emilio (ed.) (1972): *El Monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”
- MSSC = VAQUERO DÍAZ, M.B., “Documentación monástica e particular do Mosteiro de San Salvador de Celanova (Século XIII)”, *Minus VI* (1997), pp. 51-72.
- MSSME = PEREIRA FERREIRO, Sara (ed.): “El monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadañedo y su colección diplomática”, *Boletín Auriense*, 9 (1979), pp. 151-230.

- N70 = *Censo de la población de España de 1970. Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares y demás entidades de población*. Provincia de La Coruña IV – 15, Lugo IV – 27, Orense IV – 32, Pontevedra IV – 36.
- NG = *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*, Xunta de Galicia, 2003; accesible tamén en <http://www.xunta.es/toponimia>)
- NOMENCLÁTOR DE CATALUNYA: <http://www10.gencat.net/ptop/AppJava/cat/documentacio/llengua/toponimia/nomenclator/index.jsp>
- PIDAL = MENÉNDEZ PIDAL, R. (1964): *Orígenes del español*. Madrid, Espasa Calpe.
- PIEL, Joseph M. (1947): “Nomes de lugar referentes ao relevo e ao aspecto xeral do solo (Capítulo de uma toponímia galego-portuguesa)”, *RPF*, I/1, 1947, pp. 153-198.
- PRMF = LUCAS ÁLVAREZ, M. / LUCAS DOMÍNGUEZ, P.P. (ed.) (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago: Publicacións de Caixa Galicia.
- PSVD = NOVO CAZÓN, José-Luis (ed.) (1986): *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fundación Barrié.
- ROT = Portela Silva, Ermelindo (ed.) (1976): *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en expansión y en la crisis*. Santiago: Tip. El Eco Franciscano. Separata de Compostellum (20)
- SPR = LUCAS ÁLVAREZ, M. / LUCAS DOMÍNGUEZ, P.P. (ed.) (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago: Publicacións de Caixa Galicia.
- TC = ANDRADE CERNADAS, J.M.(1995): *O tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices, (ss. IX-XII)*, Santiago de Compostela.
- TCA = FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I.; GONZÁLEZ BALASCH, M. T.; Pablos Ramírez, J.C. de, “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra* 3 (1996), pp. 267-437, 4 (1997), pp. 221-385.
- TDJS = LUCAS ÁLVAREZ, M. (1986): *El tumbo de San Julián de Samos, (siglos VIII-XII). Estudio introductorio*. Edición diplomática. Apéndices e índices, Santiago de Compostela.
- TL = RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Angel-José Angel REY CAIÑA (eds.): “Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio de ---”, *Estudios Mindonienses*, 8 (1992), pp. 11-324.
- TMILG = *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, dispoñible en <http://ilg.usc.es/tmilg/>

TMSM = LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P. (1976): *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid

VFD = FERRO COUSELO, X. (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. Vigo: Galaxia.